

**ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2018 PARA A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS - PDR 2018”**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:15 horas, do día 29 de outubro de 2018, reúnense os integrantes da Mesa para a contratación, polo procedemento aberto simplificado, da obra “Plan de Mellora de Camiños - PDR 2018”, que se relacionan a continuación:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- Non asiste D. Xosé Magariños Maceiras, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría, en substitución de Dna. María Jesusa Fernández Bascuas.

O Presidente da Mesa indica que tal e como se acordou na reunión celebrada o día 19 de outubro de 2018, na que unha vez efectuados os cálculos correspondentes resultou que a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., estaba incurso en presunción de anormalidade polo que se lle requiríu para que xustificase de xeito motivado a súa oferta e precisase as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato nesas condicións económicas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e o medio ambiente, ou a obtención dunha axuda de Estado.

Dentro do prazo concedido ao efecto, a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., presentou o escrito de xustificación o cal se lle pasou ao arquitecto técnico municipal, vogal da mesa, para que emitise o informe correspondente.

Neste mesmo acto, o indicado técnico, presenta a Mesa o informe emitido o cal se transcribe a continuación:

**“INFORME TÉCNICO SOBRE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA ECONÓMICA**

Nº de expediente:

Obra/feito: *PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2018*

Situación: *A ESTRADA*

Licitador: *CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL*

**Antecedentes**

- *Construcciones Taboada y Ramos S.L. presentou ante o Concello da Estrada oferta económica para as obras de "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2018".*
- *A oferta presentada por este licitador incorre PRESUNCIÓN DE VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS, segundo o recollido nos pregos de cláusulas económico-administrativas que rexen para a contratación da obra.*
- *Con data de 23 de outubro de 2018, o licitador presentou ante o Concello da Estrada unha xustificación da oferta económica.*

*Examinada a documentación aportada,*

**INFORMO**

**PRIMEIRO.** *A documentación aportada polo licitador consiste nunha memoria explicativa da oferta presentada.*

Xustifica a oferta na ampla experiencia na realización deste tipo de obras, o que traduce nunha redución dos Custos Directos (parque de maquinaria amortizado, descontos en materiais, rendementos altos); na redución dos Custos Directos (por tratarse dunha obra de mediano volume) e na redución dos gastos xerais e beneficio industrial (debido ó coñecemento adquirido na realización de outras obras na mesma zona).

**SEGUNDO.** Á vista da xustificación presentada, o licitador asume a realización da obra cunha baixa do 32%.

**TERCEIRO.** O art. 149 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establece no seu punto 4º que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire ós seguintes valores:

a) o aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

b) as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

c) a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

d) o respecto de obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social e laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran establecido no art. 201.

e) A posible obtención dunha axuda do Estado.

**CUARTO.** A xustificación proposta, debería incluír cando menos, unha descomposición de prezos cos rendementos e prezos unitarios de materiais e man de obra que permitise xustificar o cumprimento das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes, prezos de mercado, etc.

### **CONCLUSIÓNS:**

A memoria aportada polo licitador non acada o nivel de definición suficiente para a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, conforme ó recollido no art. 149 da LCSP."

A Mesa mostra a súa conformidade co informado polo arquitecto técnico municipal e como consecuencia acorda por unanimidade NON considerar debidamente xustificada a incursión en presunción de anormalidade da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., e polo tanto procede a súa exclusión deste procedemento de contratación.

Seguidamente procédese a valorar as ofertas das empresas que continúan neste procedemento, obténdose o seguinte resultado:

### **CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	28,500
Aumento prazo de garantía	1,667
Redución prazo de execución ofertado	25
<b>TOTAL</b>	<b>55,17</b>

### **NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	60,009
Aumento prazo de garantía	5
Redución prazo de execución ofertado	25

<b>TOTAL</b>	<b>90,01</b>
--------------	--------------

**HORDESCÓN S.L.**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	54,810
Aumento prazo de garantía	0,417
Redución prazo de execución ofertado	25
<b>TOTAL</b>	<b>80,23</b>

**NEMESIO ORDOÑEZ (NOSA).**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	60,334
Aumento prazo de garantía	1,667
Redución prazo de execución ofertado	15
<b>TOTAL</b>	<b>77</b>

**MISTURAS S.A.**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	41,941
Aumento prazo de garantía	2,083
Redución prazo de execución ofertado	25
<b>TOTAL</b>	<b>69,02</b>

**ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	18,330
Aumento prazo de garantía	0,417
Redución prazo de execución ofertado	0
<b>TOTAL</b>	<b>18,75</b>

**CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)**

CONCEPTO	PUNTOS
Oferta económica	60,063
Aumento prazo de garantía	2,500
Redución prazo de execución ofertado	25
<b>TOTAL</b>	<b>87,56</b>

En consecuencia co anterior, e coas previsións dos pregos, a Mesa de Contratación realiza a súa correspondente Proposta de adxudicación, a favor da empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., por ser a que obtivo a maior puntuación. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 7 días hábiles, deberá aportar:

a) A documentación que declarou posuir mediante a declaración responsable presentada (Anexo II do PCAP).

En caso de presentar inscrición no Rexistro de Licitadores incluírase declaración de que os datos obrantes no mesmo se manteñen en vigor.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artº 108 da LCSP. O importe de garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)